

# **GALICIA: AS SINGULARIDADES XEOGRÁFICAS DO TERRITORIO PARA O TURISMO**

**Rubén C. Lois González**

Universidade de Santiago de Compostela

DOI: [10.17075/gboc.2020.014](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.014)



## 0. INTRODUCCIÓN: UN TERRITORIO PLENAMENTE ATLÁNTICO NO EXTREMO NOROESTE DA PENÍNSULA IBÉRICA

Galicia, como a Bretaña, sitúase nos confíns occidentais de Europa, máis concretamente na esquina noroeste da Península Ibérica. Cos seus case 30 000 km<sup>2</sup> (para sermos exactos, 29 575), intégrase no territorio español, aínda que na súa fronteira sur a continuidade con Portugal se fai evidente, a través do curso baixo do río Miño e dun conxunto de montañas meridionais (a serra do Larouco, o Xurés etc.), non moi elevadas e con perfís pouco abruptos. Galicia posúe unha extensión similar á da Bretaña administrativa (que acada os 27 208 km<sup>2</sup>, unha superficie case equivalente), pero o efectivo demográfico é superior na rexión francesa (3 293 850 habs. en 2015, fronte aos 2 732 000 habs. na mesma data en Galicia), como consecuencia quizais dun maior grao de desenvolvemento económico, traducido nun superior nivel de urbanización. En calquera caso, os perfís de ambos os territorios mostran fortes similitudes, posto que tamén ambos os dous reflecten unha apertura moi clara ás influencias do océano Atlántico e unha estrutura económica transformada desde unha longa tradición rural e campesiña, que deu paso a un proceso urbanizador de trazos policéntricos no que sobresaen cidades cunha poboación nunca superior aos 300 000 habitantes (Aldrey e Lois 2010, Piñeira e Santos 2011).

Como primeira carta de presentación de Galicia, partimos da afirmación que hai máis de medio século o influente xeógrafo portugués O. Ribeiro aplicou a Portugal, un territorio «entre o Atlántico e o Mediterráneo» e que a moitos pode sorprender (Ribeiro 1945). De feito, na comunidade autónoma galega a importancia do Atlántico é incuestionable: un clima oceánico, caracterizado por unha elevada cantidade de precipitacións e de días de choiva; unha vocación mariñeira e pesqueira notable ao longo da historia e unha paisaxe dominada polos tons verdes, que tamén traducen unha forte pegada agrogandeira, entre outros atributos. Non obstante, a localización máis meridional do noso país fai que os veráns sexan normalmente secos e que, cara ao leste e o sur del, a vexetación e certos cultivos mediterráneos progresen (desde as sobreiras e aciñeiras até un viñado en expansión, por citar algúns exemplos), o cal diferencia un pouco Galicia doutros países máis nidamente atlánticos, como Irlanda, Gales e a Bretaña.




Figura 1. Mapa de Galicia e da Bretaña: límites administrativos dos dous países

Un aspecto no que esta última e Galicia concordan de maneira plena é a súa consideración como fisterras europeas. Sen dúbida, a xeografía do noso continente sempre se preocupou por definir un centro e, a partir del, periferias máis ou menos afastadas. A última destas periferias polo oeste viña conformada polas rexións, polos accidentes territoriais en forma de cabos, onde Europa entraba no Atlántico e todo remataba no medio dun mar inmenso e descoñecido (polo menos até a fin da Idade Media). Estes lugares foron denominados de forma diversa, pero nos países de fala románica son asociados ao nome de *finis terrae*. Un departamento francés da Bretaña e unha comarca galega, incluída na máis ampla Costa da Morte. Estas fisterras bretoa e galega forman parte dun conxunto de confíns do continente que comeza no cabo Norte, en Noruega, remata no cabo da Roca ou nas illas Berlengas, en Portugal, e tamén inclúe as terras máis occidentais de Irlanda, no condado de Kerry. Este é, de certo, un motivo de irmandade dos países oceánicos, que historicamente coincidiron en moitos trazos (Lois 2015).

Un dos caracteres que desde hai séculos uniron Galicia coa Bretaña é a súa condición de vellas sociedades labregas, cunha propiedade da terra moi repartida, que protagonizaron intensos fluxos de migración ultramarina. Se o crecemento da poboación provocaba unha enorme presión sobre a terra, cultivada dun xeito moi tradicional, o normal para moitos mozos era marchar procurar novas posibilidades de vida. Emigrouse ás grandes cidades de referencia, Porto, Lisboa, Madrid, Barcelona e París, entre outras, de forma cíclica desde o século XVIII. Tamén se partiu cara a América, a aqueles territorios onde se percibía unha maior semellanza cultural ou vínculos históricos, nun proceso que foi masivo e que non desentoa dos levados a cabo por outras sociedades labregas e atlánticas irmás, como as de Noruega, Escocia, Gales, Irlanda e Portugal (Hernández Borge e Durán 1992).

Como resultado da condición atlántica de Galicia e da súa enorme tradición migratoria, o territorio desenvolveu un intenso vínculo con boa parte de América central e do Sur ao longo de toda a contemporaneidade. Nos séculos XIX e XX, en certos países como a Arxentina e o Uruguai a chegada de decenas de miles de inmigrantes do país fixo que o nome «galego» englobase todos os descendentes de persoas provenientes do Estado español. En Cuba, Venezuela e o Brasil, as colectividades procedentes deste territorio fisterrán tamén foron moi significativas, mentres que en México, Panamá, algunhas partes dos Estados Unidos (Nova Jersey, Porto Rico etc.) e noutras nacións americanas varios continxentes non tan numerosos, pero ben identificados, afirman a súa personalidade en sociedades diversas, onde moitos cidadáns son fillos e netos dos que chegaron en barco. A proxección atlántica de Galicia en América é indiscutible, así como a riqueza das relacións mutuas, e neste aspecto o noso país non é diferente doutras comunidades atlánticas, fisterrás, europeas, que secularmente emigraron alén mar, tales que a bretoa (con raíces culturais intensas en lugares como Novo Brunswick [Canadá]).

## **1. AS PARTICULARIDADES DA LOCALIZACIÓN DE GALICIA NO CONXUNTO ESPAÑOL**

Calquera ollada que se deite sobre o mapa político da Península Ibérica permite observar a localización excepcional de Galicia. Un territorio que interrompe a continuidade atlántica de Portugal polo oeste e que se integra nun Estado-nación co

que só limita nos seus bordos orientais. Esta pertenza a España posúe unha explicación histórica, xa que desde a Idade Media o Reino de Galicia se afirmou como un territorio centralizado por Santiago, cidade, santuario e lugar do poder, que tratará de proxectarse cara ao exterior mediante a conformación dunha ruta de peregrinaxe que o vincula con Europa (especialmente co reino dos francos) e cunha serie de urbes navarras, rioxanas, castelás e leonesas. Galicia procurará achegarse ao resto do norte da Península Ibérica e do continente, seguindo o Camiño Francés a Santiago e as viaxes marítimas, mentres que Portugal, como unidade política independente, continuará a súa reconquista cara ao sur, para, a partir do século XV, comezar a súa expansión ultramarina (Villares 2015). Aínda que Galicia e Portugal presentan moitas similitudes polo seu carácter de países labregos e marítimos contiguos, cunha cultura e un modelo de ocupación do espazo semellantes, desde os séculos XIV e XV constituíron dúas realidades separadas claramente, unha máis interesada na súa continuidade con Europa e outra en afortalezar a súa independencia e a súa presenza política e comercial en moitas rexións de América, África e Asia (Villares 2015). Coa afirmación dunha coroa castelá-aragonesa forte en tempos dos Reis Católicos, as elites galegas asociáronse ao seu proxecto político, primeiro cos centralizadores Isabel e Fernando e logo cos Austrias, de resultas do cal Galicia territorio se converterá pouco a pouco nun país afastado dos eixes do poder, a medida que o Camiño xacobeo entre en decadencia na época moderna.

Na actualidade, este carácter periférico do país mantense en parte. Galicia queda nunha esquina do Estado español. A súa continuidade con León e Castela vese dificultada pola disposición das serras do leste e do sueste que pechan a comunidade autónoma por esa banda, as cales —coa comarca do Bierzo como transición— marcan un cambio entre o mundo atlántico, húmido, e o continental, con escaseza de vexetación (Pérez Alberti 1982). Con Asturias o tránsito tampouco se ve facilitado, polo carácter montuoso dos terreos, e non foi ata os últimos decenios cando se puido falar dunha integración áxil, mediante a rede de estradas e autoestradas, entre Galicia e España. Unha integración aínda máis forzada, posto que a maioría dos galegos residen no litoral, co que se desenvolveu unha faixa cada vez máis ampla no interior (a maior parte de Lugo e Ourense, con todo o occidente da comunidade de Castela e León) que se debe atravesar para chegar a cidades e áreas metropolitanas de entidade no resto de España (Madrid, Valladolid, Zaragoza etc.).

Como xa adiantamos, estas dificultades de conexión cos veciños non existen respecto ao norte de Portugal, onde o amplo val formado polo curso baixo do río Miño/Minho (aínda que en terras lusas esta bisbarra se chame Alto Minho) define un dos espazos de maiores densidades rurais ou rururbanas de ocupación do noroeste ibérico. Un sector onde os cultivos de primicias, horta e viñado de Tomiño, O Rosal, Tui e A Guarda acadan a súa continuidade en Melgaço, Monção, Valença e Caminha, un dos territorios con maior concentración de albariño e viño verde, ademais de toda sorte de manifestacións da agricultura intensiva. Cara ao interior, a fronteira deixa de utilizar o gran curso fluvial para ser delimitada e tórnase «seca», desenvolvida por áreas de montes, terras altas e montañas onde, no entanto, a liña de cumios non foi empregada para trazar a liña internacional de delimitación. Un espazo no que, precisamente por esta continuidade entre parroquias e aldeas rurais menos poboadas, existiron numerosos contactos galego-portugueses de todo tipo ao longo da historia e mesmo exemplos de extraterritorialidade, como os denominados *Couto Misto* e *os povos promíscuos* (Lois 2007, Paül e Trillo 2015).

Para rematarmos este conxunto de reflexións sobre a localización de Galicia, só nos resta facer unha precisión que incumbe tamén á Bretaña. O noso país débese considerar periférico pola situación fisterrá no continente europeo, pero este trazo non é aplicable se nos fixamos na accesibilidade e conectividade mariñas, polo menos a partir do século xv. Desde entón, Galicia (e a Bretaña) constitúen tanto unha porta natural de entrada a Europa vindo de América ou doutras rexións do mundo como unha das vías de comercio oceánico con máis tráfico de todo o planeta (Lois 2015). Fronte á idea de esquina ibérica ou europea, aparece a de antepuerto continental cunha localización hoxe en día moi favorable ao incremento do tráfico portuario ultramarino, como acontece en todo o espazo comprendido entre Alxeciras e Bilbao, ante a enorme concentración de buques que ateigan o mar do Norte e os grandes peiraos de Rotterdam, Hamburgo, Londres e, nos seus bordos, Le Havre-París. Este feito acompáñase da concentración da poboación e a capacidade de xeración de riqueza en Galicia nas áreas litorais, en concreto no eixe de crecemento urbano que se estende desde Ferrolterra até Vigo e a fronteira portuguesa, incluíndo as áreas urbanas e metropolitanas da Coruña, Santiago e Pontevedra. Nesta faixa de pouco máis de 5000 km<sup>2</sup> residen ao redor de 2,2 millóns de galegos dun total de pouco máis de 2,7 (Lois e Piñeira 2011).



Figura 2. Principais cidades portuarias europeas da fachada occidental do continente

## 2. A LECTURA DE GALICIA COMO TERRITORIO RURAL E ATRASADO

Sen lugar a dúbidas, a comentada situación de Galicia como bordo continental da Península Ibérica, distante e mal comunicada, contribuíu á súa lectura como realidade periférica ao longo de toda a Idade Moderna, entre os séculos XVI e XVIII. Probas desta interpretación son os personaxes, pouco afortunados, de «galegos» nas plumas dalgúns dos máis grandes escritores do Século de Ouro español. No Reino de Portugal tampouco mellorou moito esta apreciación. Así, aínda que en moitas crónicas das viaxes ultramarinas que partían de Lisboa se informe repetidamente da presenza de «galegos», estes adoitan identificarse case como os *minhotos*, sen ningún atributo especial. O galego nunca foi considerado máis que como un dialecto cando a corte portuguesa procuraba afirmar as normas da escrita e do léxico falado, segundo un patrón marcadamente lisboeta (Lois 2002). Esta imaxe



de afastamento, pobreza e mesmo atraso das persoas reafirmárase tanto en Madrid como en Lisboa no século XVIII, cando a superpoboación rural enviou miles de galegos ao exterior en migracións temporais e permanentes (González Lopo 2006).

Ao longo de toda a época contemporánea, Galicia será ollada como un país acusadamente rural e agrario, rico en recursos alimenticios dispoñibles para abastecer mercados externos. Esta idea de Galicia como «reserva gandeira» (Pérez Iglesias 1979) corroborárase cando a chegada do ferrocarril impulsionou a explotación bovina de carne para a venda no resto do mercado español. Tamén Galicia foi sempre fornecedora de peixes e mariscos ao resto do Estado, desde as ostras e sardiñas do medievo e de leite e produtos derivados cando comezan a constituírse as primeiras empresas transformadoras do sector. Neste senso, Galicia segue unha traxectoria común á Bretaña coa súa actividade pecuaria e coas capturas desembarcadas nos seus portos, neste caso sempre con maior proximidade a París.

Outro atributo que nos asemella aos bretóns ten que ver cos terreos intensamente cultivados no «vello sistema tradicional» (Bouhier 1979). De feito, todas as observacións e descrições de Galicia, comezando polas de Ramón Otero Pedrajo, remiten ao predominio esmagador das pequenas explotacións labregas asociadas á práctica do policultivo. No seu interior había que producir un pouco de todo (cereais, patacas, herba, liño ou lá, porcinos etc.) e con este fin cada parcela especializábase en distintos usos, agrícolas, pecuarios e forestais, segundo as súas aptitudes naturais e a proximidade ou distancia á casa. Durante séculos o rural galego foi unha paleta de cores variadas e de formas parcelarias diversas, non moi diferente do agro bretón, onde as condicións climáticas animaban máis o desenvolvemento gandeiro, a fragmentación da propiedade da terra sempre foi menor e predominaban con moita claridade os campos de sebes pechadas (o famoso *bocage*), algo que en Galicia só é característico das bisbarras situadas máis ao norte. O sistema agrario en Galicia tardou moito en mudar, nun contexto de crecente división da propiedade e vinculado a unhas densidades de poboación moi elevadas (Bertrand 1992). A forte presión demográfica sobre o rural, con valores de máis de 50 ou 60 habitantes por quilómetro cadrado no Ribeiro, nas Rías Baixas, nas Mariñas e no Ulla, entre outras áreas, causará ondas migratorias moi intensas e masivas, polo menos con regularidade desde a segunda metade do século XVIII.

Todo este panorama que estamos comentando sobre Galicia acadou a súa mellor expresión académica cunha serie de obras fundamentais, editadas todas

nos anos da década de 1970, que tentaron caracterizar tanto o atraso económico como o vello complexo agrario, pasando pola organización do espazo nun territorio atlántico (Beiras 1972, García Fernández 1975, Bouhier 1979). Os tres traballos citados culminan unha interpretación de Galicia como un escenario complexo, dependente e cunha estrutura económica pouco transformada de resultas do afastamento do país, a súa marcada compoñente rural e o sometemento a decisións tomadas no exterior. Xusto cando nestes traballos de xeógrafos e economistas se definía comprensivamente Galicia como unha totalidade histórica, secular, as mudanzas empezaban a sucederse nas cidades e áreas próximas até conformar un territorio case irrecoñecible só uns decenios despois. Sen dúbida, a ruralidade e o menor desenvolvemento tamén serviron para retratar a Bretaña moito tempo, antes de que tamén iniciase un rotundo proceso modernizador.

### **3. ELEMENTOS DE CAMBIO ECONÓMICO E TERRITORIAL**

Dun xeito similar ao resto do Estado español, a economía galega experimentou importantes mudanzas a partir da década de 1960, en particular logo da aplicación do Plan de estabilización de 1959 (Méndez e Molinero 1993). Por unha banda, a necesidade de divisas levou decenas de miles de mozos galegos á emigración, que agora mudará de destinos preferentes para se dirixir cara aos países máis desenvolvidos de Europa e as cidades españolas máis ricas. Este proceso acompañarase da recepción de rendas cuantiosas que contribuirán a unha intensa monetarización da nosa economía. Por outra banda, unha industrialización dirixista e patrocinada polo Estado creará os primeiros polos de desenvolvemento en Galicia (A Coruña e Vigo, logo seguidos por Vilagarcía de Arousa), que animarán unha industrialización puntual, de localización urbana e que nestes momentos se individualizará pola posta en marcha de grandes complexos fabrís (a refinaría na Coruña, a planta de Citroën en Vigo etc.). En terceiro lugar, un agro que vai corrixindo os seus problemas de superpoboación empezará a orientar o groso do seu esforzo cara ao mercado, en particular co impulso a unha gandaría intensiva (avicultura, porcino e bovino de leite) e a determinados cultivos agrícolas inmediatamente comercializables (viño, patacas etc.). O contexto económico transformábase con rapidez e as propias actividades do sector terciario (comercio,

turismo, emprego nos servizos públicos etc.), até entón moi minoritarias, comezan a recrutar volumes crecentes de man de obra e a iniciar mesmo unha tímida dinámica de feminización. O cambio en Galicia, aínda que carecemos de bos estudos comparativos, tamén tiña lugar nos países irmáns das fisterras atlánticas europeas, como Irlanda e a Bretaña.

Todas estas mudanzas na estrutura económica reflectíronse xeograficamente nun proceso de urbanización (Lois e Piñeira 2011). Entre 1960 (nalgúns casos xa desde mediados da década de 1950) e 1991 vivíuse o período de maior crecemento demográfico e económico das principais cidades galegas. De forma especial, o gran salto adiante de Vigo e A Coruña até unha poboación próxima aos 250 000 habitantes e, en menor medida, en Ferrol, nunha etapa expansiva do seu ciclo industrial. Tamén as capitais de provincia (Ourense, Lugo e Pontevedra) creceron de xeito continuo, mentres que en Santiago de Compostela os ciclos serán un pouco máis serodios, se ben rematarán cunhas taxas de desenvolvemento similares ás anteriores. Estamos diante da primeira fase do proceso urbanizador, con crecemento da cidade compacta a través da conformación de novos barrios (Coia, Elviña, o ensanche compostelán, As Lagoas etc.), moi densamente ocupados. Neste contexto, as urbes principais atraen inmigrantes tanto desde o rural próximo como desde a emigración exterior, cun número moi significativo de persoas retornadas.

Se até o inicio da década de 1990 o crecemento urbano en Galicia se concentrou nas súas cidades principais, desde esa data os meirandes incrementos da poboación e a maior intensidade na artificialización do solo producíronse nos espazos próximos ás cidades, coñecidos como periurbanos. Así, un repaso dos censos de poboación recentes móstranos que concellos como Nigrán, Poio, Ames, Teo, Culleredo, Barbadás e Oleiros, entre outros, son os que máis crecen nunha dinámica que xa traduce a substitución das cidades como escenario central da urbanización polas áreas metropolitanas ou supramunicipais. Esta dinámica non só se exemplifica mediante os rexistros demográficos, senón que tampouco deixou de avanzar a localización de grandes superficies comerciais e de parques empresariais no ámbito periurbano (Lois e Piñeira 2011). Polo tanto, a urbanización como elemento clave para explicar a organización do espazo en Galicia na actualidade tende a definir áreas metropolitanas de primeiro nivel (A Coruña e Vigo), que pola súa vez conectan con áreas urbanas próximas (Pontevedra e Ferrol) e, a través das vías rápidas de alta capacidade de transporte, coas restantes capitais galegas (Santiago de Compostela,

Lugo e Ourense), nun proceso que xa comezou a ser caracterizado hai algúns decenios (Souto 1988, Lois e Piñeira 2011). De feito, segundo as interpretacións máis recentes, as áreas metropolitanas (a de Vigo, con medio millón de habitantes, e a da Coruña, cunha cifra un pouco menor) definiron un dos denominados eixes de crecemento espacial que de norte a sur, e en dirección meridiana, articulan os espazos máis dinámicos e dominantes na organización do espazo do país. Un panorama non moi diferente da Bretaña que cidades como Rennes, Vannes, Lorient, Quimper e Brest presentan, sen contar coa grande aglomeración de Nantes, máis ao sur e cunha dependencia administrativa distinta.

Nestes últimos decenios tamén cómpre dar conta das intensas transformacións que se sucederon na estrutura produtiva galega. A primeira, enormemente simbólica, consistiu nun proceso de industrialización, serodio e moi significativo, que permite comprender Galicia como unha comunidade autónoma con máis presenza fabril, emprego e xeración de riqueza no marco deste sector que a media española (Alonso e Lois 1997). Así, un territorio que sempre se presentou como rural e agrario mostra na actualidade unha importante dinámica industrial en ramas chave como o téxtil (non só co impacto de Zara e Inditex en xeral), a mecánica (na cal as industrias auxiliares gañan protagonismo fronte á clásica dependencia da Citroën) e a agroalimentaria (con múltiples empresas dependentes da transformación de rendementos tanto agrícolas e pecuarios como pesqueiros). Estes exemplos non son os únicos dun agromar fabril no territorio, pois a enerxía, a construción naval e a química, entre outros, tamén están ben representados, pero si expresan perfectamente como o empresariado local conseguiu triunfar nunha economía cada vez máis globalizada e competitiva, cando moi poucas previsións económicas apostaran por que isto fose acontecer nos últimos decenios do século XX.

#### **4. A IMAXE TURÍSTICA: A ATLANTICIDADE E O CAMIÑO DE SANTIAGO**

En paralelo ao que acabamos de comentar para a industria, en Galicia o desenvolvemento turístico tamén se pode cualificar de serodio, polo menos en relación co conxunto español. De certo, a aposta da España franquista dos anos da década de 1960 por atraer visitantes estranxeiros favoreceu sobre todo os territorios medi-

terráneos e os arquipélagos insulares, mentres que as rexións atlánticas do norte quedaban colocadas nunha posición moi secundaria nunha actividade que estaba a crear abundante riqueza e postos de traballo. Dentro de Galicia, unicamente Santiago de Compostela (aínda cunha imaxe tradicional de destino relixioso) e algúns lugares de veraneo (desde A Toxa e Baiona até A Coruña e Sanxenxo) destacaban nun contexto de atracción moi mediocre para os turistas. Só a cultura e os conxuntos históricos, xunto a unhas praias menos masificadas, animaban un fluxo de visitantes que pouco a pouco empezarán a valorar as calidades estéticas do mundo atlántico e unha serie de manifestacións gastronómicas que se promoverán como emblemáticas (as festas do marisco no Grove, do albariño en Cambados etc., xurdidas tamén na década de 1960).

Sen lugar a dúbidas, a fixación dunha imaxe turística atractiva para Galicia correspóndese co período en que o territorio consolidou a súa autonomía política e pasou a xestionar directamente a súa promoción externa. De forma similar a outras comunidades, o reforzamento do poder propio traducíuse en fortes investimentos en publicidade dos atractivos do territorio, tanto materiais como inmateriais. Para este fin, e o feito de que un vello ministro de Información e Turismo presidise a Xunta de Galicia durante dezaseis anos non foi banal, creáronse empresas públicas de promoción turística ou centradas na revalorización do Camiño de Santiago (Turgalicia e Xacobeo). Tamén se investiu moito en embelecer e monumentalizar a cidade capital, Santiago de Compostela, e en animar desde o turismo rural até o termalismo, pasando por áreas costeiras con indubidables atributos para os visitantes. O turismo como actividade económica comeza a cobrar forza nos anos da década de 1980, pero, sobre todo, Galicia presentárase como alternativa aos destinos mediterráneos, máis saturados, nos decenios de 1990 e 2000, cando a paisaxe, a gastronomía e o patrimonio cultural se convertían nos tres grandes piares de atracción do territorio galego para miles de viaxeiros cada vez máis motivados pola experiencia da viaxe e menos interesados polo sol e a praia en exclusiva.

Toda a estratexia de mellora na promoción e na imaxe turística de Galicia tivo un principal mercado destinatario: o español (Piñeiro 2016). Os expertos coinciden en afirmar que un país verde, atlántico, marítimo e cunha rica cultura é percibido como un destino apetecible polos cidadáns dunha nación eminentemente mediterránea, onde son frecuentes os tons ocres na paisaxe e a vexetación se

distribúe de forma irregular. Ademais, no verán a suavidade térmica do noroeste ibérico e a existencia de moitos lugares pouco masificados non fan senón reforzar o atractivo do territorio. Galicia recibe millóns de españois todos os anos, en particular procedentes das áreas urbanas (Madrid, Cataluña, o País Vasco, cidades andaluzas etc.) e de espazos que sofren a turistificación máis extrema. Outro mercado fundamental para a consolidación da actividade en Galicia é o portugués. Segundo datos oficiais, en series que se estenderon desde 1995 até 2010, cada temporada contabilizáronse entre dous e seis millóns de desprazamentos xerados ao sur do Miño, con oscilacións dependendo da situación económica do país veciño, pero cun fluxo sempre moi intenso que combinou compras rápidas e a estadía un corto período de tempo tanto nas cidades (Santiago de Compostela e Vigo, sobre todo) como en destinos litorais clásicos (Baiona, Sanxenxo etc.) (Turgalicia 1995-2010).

En calquera caso, o principal recurso e produto turístico de Galicia nestes anos é o Camiño de Santiago. Sen dúbida, un atractivo orixinal que conseguiu colocar o país entre os grandes destinos globais dos viaxeiros contemporáneos. O Camiño rompe os marcos, máis estreitos, do turismo ibérico e preséntase como un foco de interese internacional, cunha forte e continua afluencia de viaxeiros alemáns, italianos, holandeses, británicos, do extremo leste de Asia (con coreanos e xaponeses á cabeza) e americanos (tanto estadounidenses e canadenses como brasileiros, entre outros). Coa ruta xacobeana experimentáanse algúns dos principais atractivos da viaxe actual: mobilidade lenta, gozo da paisaxe, aprendizaxe histórico-cultural e experiencia de compañeirismo intensa. Un conxunto de trazos que reforzan o prestixio do territorio galego como espazo esteticamente atractivo, relaxado e cun conxunto de valores patrimoniais moi destacados. O Camiño e a cidade de Santiago de Compostela, a través do fenómeno xacobeo, adoitan ter unha proxección externa, unha imaxe de marca, moi superior á do conxunto de Galicia. Como nos inicios do Reino durante a Idade Media, Galicia non deixa de ser a terra de Santiago para moitos dos visitantes chegados de lonxe a percorrer un Camiño Patrimonio da Humanidade e Primeiro Itinerario Cultural Europeo desde os anos da década de 1980.



Figura 3. Imaxes turísticas promocionais de Galicia (2007)

A influencia do Camiño na imaxe de Galicia é tan forte que unha lectura dos principais atributos que o país ofrece ao visitante non fai senón reforzar aqueles elementos dos que o peregrino goza na súa camiñada a Compostela. Por unha parte, a paisaxe, dominada polos verdes e os azuis atlánticos, que se identifica coa paleta de cores máis valorada polos turistas contemporáneos influídos polos patróns románicos e dos grandes mercados emisores do nordeste europeo. Por outra, a gastronomía e un conxunto de elementos da cultura tanto material como inmaterial. Unha vez máis, a comentada asociación entre Galicia e as producións agrarias e mariñeiras refórzase como unha motivación para practicar o turismo aquí. Pero tamén a existencia dunha fala propia, unha cultura musical e etnográfica específica e unha personalidade marcada se combinan para definir unha forte posición turística baseada nas experiencias. Por último, o patrimonio cultural (igrexas románicas e barrocas, mosteiros, conxuntos históricos etc.) e natural (espazos singulares na costa, pequenas illas, áreas de montaña interior etc.) singulariza o terceiro grande atractivo dun territorio que, nestes últimos anos de xeito evidente, se beneficia moito do enorme éxito turístico do conxunto da Península Ibérica.



## 5. SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO CENTRO SIMBÓLICO DO PAÍS

O simple enunciado desta epígrafe remítenos a unha idea que o galeguismo histórico, aquel que tomou como referencia a Xeración Nós, en particular o historiador V. Risco e o xeógrafo R. Otero Pedrayo, fixo propia nos comezos do século XX. Compostela era a cidade que acollía un rural próximo que se manifestaba nas súas rúas e, ao mesmo tempo, era a orixe do propio Reino, do país individualizado de xeito nidio desde a Idade Media. Sen dúbida, sobre todo desde a época do bispo Diego Xelmírez, a cidade convértese nun gran núcleo de poder, no lugar de peregrinación máis importante do Occidente cristián e, tamén, nun centro económico de primeira magnitude grazas á percepción do Voto de Santiago, que enriqueceu durante séculos a igrexa santuario (Rey 2006). Ao longo do período central e na Baixa Idade Media, Compostela emerxeu como unha urbe de proxección internacional e recibiu ano tras ano milleiros de peregrinos cristiáns, procedentes de toda Europa, que definirán a etapa clásica do Camiño xacobeo. Só a crise da Igrexa externa a partir da segunda metade do século XV, a Reforma protestante e a inestabilidade política europea conduciron a un declive das viaxes a Santiago, se ben a cidade continuou mostrándose como o principal referente urbano do noroeste peninsular e como unha cidade rica, vinculada ao poder eclesiástico e da fidalguía.

Un elemento enormemente orixinal de Santiago de Compostela e do seu Camiño é o seu espectacular proceso de recuperación contemporánea. Algo pouco concibible, xa que as peregrinacións tradicionais en Europa semellaban ser unha manifestación doutras épocas. Neste retorno da tradición influíron algúns precedentes claros: a doutrina social da Igrexa impulsada por León XIII e o interese por mostrar as masas católicas en actos de relixiosidade popular na fin do século XIX; a instrumentalización do Camiño por parte de Franco e do nacionalcatolicismo e todos os fondos públicos que se destinaron ao seu acondicionamento monumental e, en terceiro lugar, o gusto por recuperar as vellas formas de camiñar a Santiago que tanto clérigos como investigadores e amantes dos itinerarios históricos comezaron a practicar nos anos da década de 1960 (Lois 2013). O Camiño empezou a recuperarse, pero será unha política urbana escrupulosa coa preservación da cidade histórica no decenio de 1980 e o inmen-



so esforzo promocional da Xunta de Galicia da tradición peregrina, co evento do Xacobeo 93, o que definitivamente permita falar dunha nova idade de ouro tanto do Camiño como do turismo urbano e cultural en Compostela, auténtico referente maior da actividade para todo o país.

Un trazo non menor deste moderno éxito do Camiño de Santiago e da cidade destino vén dado polas novas significacións da experiencia peregrina na actualidade. De feito, se na Idade Media os crentes católicos marchaban cara a Compostela para se redimiren, na época contemporánea cómpre falar máis de espiritualidade que de relixión, máis de contexto postsecular e tolerante que dunha manifestación estrita só para cristiáns. A peregrinaxe é unha experiencia liminar, no senso dun tránsito entre unha etapa e outra da vida, unha experiencia comunitaria con outros viaxeiros. Experiencia que non se pode entender sen a mobilidade lenta, sen o gozo paisaxístico e das áreas rurais que se percorren, sen a recuperación dun sentido diferente e demorado de viaxe durante bastantes xornadas. Hai camiñantes que rezan todos os días xunto a ateos, persoas de distintas nacionalidades e ideoloxías que conviven, porque a diversidade é o sinal dos tempos e a propia promoción pública da ruta xacobeá se encargou de preservar ese carácter aberto, plural, da viaxe a Santiago no presente (Lois 2013).

Con relación aos estudos elaborados en datas recentes sobre o fenómeno do Camiño, cabe destacar dúas características maiores que axudan a comprender a magnitude do seu éxito. A primeira, a súa condición polisémica, que entronca un pouco co que vimos de comentar. Así, segundo sexa a nacionalidade dos peregrinos, as imaxes promocionais da ruta e os significados da experiencia varían bastante (Santomil 2011). De feito, comprobouse como os alemáns valoraban sobre todo o contacto coa natureza na súa experiencia, os italianos posuían un senso máis relixioso da viaxe a Santiago, os franceses pensaban na construción histórica dunha vía que asociaba o corazón do reino dos francos con Fisterra e norteamericanos, coreanos, xaponeses e brasileiros procuran, en boa medida, unha experiencia na vella Europa, reforzando algún dos atributos que lles resultan máis rechamantes dela (a gastronomía, a solidariedade, as paisaxes milenarias etc.). Polo que se refire ao mercado español, este obedece a estímulos das campañas dos anos xacobeos, anos santos nos que se multiplica a chegada de turistas do propio Estado e, en menor medida, de portugueses. Noutra orde de ideas, un último elemento que valorar do Camiño é a súa consideración como capital simbólico, un

espazo prestixiado que funciona parcialmente como o que foi o espazo sagrado na súa historia. Así, na súa popularización ao longo das épocas recentes, o Camiño e a cidade vella de Santiago conseguiron o seu recoñecemento como Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e o seu nomeamento como Primeiro Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa no 1987, así como múltiples premios ás súas tarefas de restauración física e de construción de edificios contemporáneos adaptados á contorna.

## **6. A DINÁMICA DO TURISMO E OS SEUS PROBLEMAS ACTUAIS**

Os particulares trazos de evolución do turismo en Galicia durante os últimos decenios provocaron algúns desaxustes territoriais que cabe analizar. O principal, un exceso de concentración da actividade ao redor de dous lugares emblemáticos que expresan outras tantas formas de entender o gozo do lecer. Estamos a referirnos a Santiago de Compostela e a Sanxenxo, que supoñen preto do 20 % da oferta turística regulada no país e probablemente unha porcentaxe algo maior se se consideran as vivendas vacacionais, ou o alugueiro de cuartos e pisos turísticos. Santiago de Compostela, en particular o seu centro histórico, como exemplificador do turismo urbano e cultural, e Sanxenxo, estación costeira que reflicte o modelo de sol e praia. Os dous municipios presentan unha mesma problemática na actualidade, que algúns autores denominan turistificación e outros masificación do destino. Sen dúbida, este cualificativo só pode aplicarse en determinados meses ou semanas do ano de especial concentración da demanda e afecta a certos espazos urbanos particularmente apreciados polos visitantes. A turistificación exprésase en conxestión do tráfico, tanto rodado como peonil; ocupación masiva de aloxamentos por parte dos turistas, tendencia ao amoreamento de xente e expulsión dos propios cidadáns de certas rúas e prazas da súa propia localidade.

Aínda que estes problemas son limitados no espazo (a praia de Silgar, determinadas rúas do centro histórico compostelán etc.) e no tempo (xullo e agosto como máximos expoñentes), formulan un reto que, de non xestionarse adecuadamente, tenderá a ir a máis. E non só nestes dous focos citados, senón tamén en sectores máis amplos das Rías Baixas pontevedresas e do Camiño Francés a Santiago, sen esquecer monumentos naturais que, como a praia das Catedrais, as illas Cíes e

o cabo Fisterra, xa tiveron problemas recorrentes de masificación. Indubidablemente, o turismo creceu moito nos últimos tempos como expresión hedonista á saída dunha crise económica moi dura. A cuestión que se abriu é a seguinte: até onde pode continuar este crecemento? Ou, formulado doutro xeito, cumprirá introducir criterios de capacidade de acollida dos destinos e decrecemento no próximo período? O debate fica aberto.



Figura 4. Imaxe da saturación turística de Santiago de Compostela

Unha variante específica dos problemas de turistificación atópase no produto emblemático de Galicia, no Camiño de Santiago e na propia cidade fin del. Este problema afecta a un tipo de turismo, de mobilidade lenta e que procura o contacto coa paisaxe, que debería ser especialmente sensible a el. De feito, nos dous últimos anos o Observatorio Turístico da cidade de Santiago xa detectou os riscos e os deu a coñecer (CETUR 2017). Calcúlase que de aquí ao ano santo de 2021 o número de peregrinos vai seguir aumentando, en particular ao longo do Camiño Francés, co que non sería desbotable a aplicación de medidas de control da capacidade de carga da ruta. De momento, as únicas políticas relativamente eficaces neste senso consisten en promover os camiños alternativos, aínda que máis de tres cuartos dos peregrinos seguen a entrar en Galicia polo

Cebreiro para chegar a Compostela. En Santiago, a masificación concéntrase na propia catedral (con visitas ordenadas en temporada alta) e nunha serie de prazas e rúas da súa contorna, que non supoñen máis de 10 ou 15 hectáreas de extensión, pero onde a xestión de fluxos de visitantes terá que rematar impoñéndose. Finalmente, os últimos tempos tamén puxeron de manifesto un problema complementario, o descontrol no alugueiro de pisos, apartamentos e cuartos turísticos a través de plataformas moi populares en Internet, como Airbnb, que, baixo o rótulo enganoso de «economía colaborativa», comezan a supor unha completa mudanza na regulamentación do aloxamento vacacional, ao tempo que aceleran a expulsión de residentes dos centros urbanos atractivos. O novo turismo, con algunha cara preocupante, xa chegou aos grandes destinos galegos e nos próximos anos haberá que reforzar os coñecementos e a caracterización dos seus efectos, facilitando, simultaneamente, unha regulación máis eficiente e flexible del.

## 7. A XEITO DE CONCLUSIÓN

Os estudos de xeografía deben cumprir unha misión esencial: diferenciar os territorios que efectivamente existen a escala mundial. Polo tanto, unha misión da nosa disciplina consiste en caracterizar Galicia como unha realidade de seu. Unha realidade individualizada, tanto por situarse no extremo noroeste da Península Ibérica como por pertencer ao Estado español, co que non está demasiado ben conectada, mentres mantén uns evidentes vínculos de proximidade con Portugal. Unha singularidade que se manifesta nos seus trazos atlánticos, cun forte pasado rural e labrego e cunha antiga e intensa ocupación do conxunto do seu territorio. Neste aspecto, Galicia mostra indubidables similitudes coa Bretaña, outro bordo fisterrán situado máis ao norte e tamén metido no mar. As perspectivas de análise comparativa son clásicas na xeografía e estudar conxuntamente Galicia, a Bretaña e outras nacións occidentais europeas é un magnífico exercicio de descubrimento territorial da realidade próxima.

No achegamento xeográfico a Galicia podemos comprender os puntos fortes do seu atractivo para unha actividade marcadamente contemporánea, o turismo. Unhas paisaxes con dominio dos verdes e azuis, unha cultura sólida e asentada na historia, que tamén se manifesta na súa riqueza gastronómica, e

os valores do patrimonio tanto monumental como natural. Todo isto combínase para situar Galicia no mapa, como un país de indubidable prestixio para os visitantes, o mesmo que acontece coa Bretaña máis ao norte. Pero o que realmente singulariza o país é o Camiño e Santiago de Compostela. Auténtica orixe del e hoxe en día principal referente de cara ao exterior nun mundo globalizado. O Camiño, e así o tentamos expor con brevidade, sintetiza o mellor dos nosos atractivos e tamén se mostra como un produto turístico problema, nestes momentos de masificación e xeneralización do mundo das TIC e dos acordos directos de intermediación. O debate sobre os seus límites e o da turistificación está aí e cumprirá abordalo canto antes nunha sociedade de cidadáns-viaxeiros afirmados no seu gusto polo lecer logo da superación da crise.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALDREY VÁZQUEZ, José Antonio / Rubén C. LOIS GONZÁLEZ (2010): *Breve Xeografía de Galicia*, Vigo, A Nosa Terra.
- ALONSO LOGROÑO, María del Pilar / Rubén C. LOIS GONZÁLEZ (1997): «Proceso de industrialización y organización del espacio en un territorio periférico: Galicia», *BAGE: Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 24, 147-169.
- BEIRAS TORRADO, Xosé Manuel (1972): *O atraso económico de Galicia*, Vigo, Galaxia.
- BERTRAND, Jean-René (1992): *A poboación de Galicia: estudos xeográficos*, Santiago de Compostela, Universidade.
- BOUHIÉ, Abel (1979): *La Galice : essai géographique d'analyse et d'interprétation d'un vieux complexe agricole*, La Roche-sur-Yon, Imp. Yonnaise.
- CETUR (2017): *Observatorio Turístico da cidade de Santiago. Resultados*, Santiago de Compostela, Concello / Universidade.
- GARCÍA FERNÁNDEZ, Jesús (1975): *Organización del espacio y economía rural en la España Atlántica*, Madrid, Siglo XXI.
- GONZÁLEZ LOPO, Domingo L. (2006): «Se se mandassem embora não haveria quem servisse...» Os galegos em Portugal: um exemplo típico de mobilidade na época pré-industrial», en Rubén C. Lois González / Rosa M. Verdugo Matés (eds.), *As migracións en Galiza e Portugal: contributos desde as Ciencias Sociais*, Santiago de Compostela, Candeia, 237-265.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio / FRANCISCO R. DURÁN VILLA (1992): *Guía bibliográfica de emigración galega*, Santiago de Compostela, Universidade.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén C. (2002): «As relacións de Portugal com a Ibéria: uma olhada desde a Galiza», *Lusotopie*, número especial: *Portugal, une identité dans la longue durée : hommage à François Guichard*, 10:2, 193-211.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén C. (2007): *Fronteras y análisis geográfico: la raya gallego-portuguesa*, traballo orixinal de investigación presentado para unha habilitación á cátedra de Xeografía realizada na Universidad de Granada.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén C. (2013): «The Camino de Santiago and its contemporary renewal: pilgrims, tourists and territorial identities», *Culture and Religion*, 14:1, 8-23.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén C. (2015): «Apuntamentos para o estudo xeográfico (nacional) de Galicia», en Uxío-Breogán Diéguez Cequiel (coord.), *Reflexións arredor da Galiza para o debate*, Santiago de Compostela, Fundación Moncho Reboiras, 9-37.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén C. / María José PIÑEIRA MANTIÑÁN (2011): «A rede urbana e a rápida urbanización do territorio», en María José Piñeira Mantiñán / Xosé Manuel Santos Solla (coords.), *Xeografía de Galicia*, Vigo, Xerais, 157-229.
- MÉNDEZ, Ricardo / Fernando MOLINERO (coords.) (1993): *Geografía de España*, Barcelona, Ariel.
- PAÛL I CARRIL, Valerià / Juan Manuel TRILLO SANTAMARÍA (2015): «Discussing the Couto Mixto (Galicia, Spain): Transcending the Territorial Trap Through Borderscapes and Border Poetics Analyses», *Geopolitics*, 20:1, 56-78.
- PÉREZ ALBERTI, Augusto (dir.) (1982): *Xeografía de Galicia*, t. I: *O medio*, Sada, Sálvora.

- PÉREZ IGLESIAS, María Luisa (1979): *La reserva ganadera de Galicia: pasado y presente*, Santiago de Compostela, Instituto de Geografía Aplicada.
- PIÑEIRA MANTINIÁN, María José / Xosé Manuel SANTOS SOLLA (coords.) (2011): *Xeografía de Galicia*, Vigo, Xerais.
- PIÑEIRO ANTELO, María de los Ángeles (2016): «Galicia», en Asociación Española de Expertos Científicos en Turismo (AECIT), *La actividad turística española en 2015*, Madrid, AECIT / Síntesis, 259-267.
- REY CASTELAO, Ofelia (2006): *Los mitos del apóstol Santiago*, Santiago de Compostela, Nigra Trea.
- RIBEIRO, Orlando (1945): *Portugal, o Mediterrâneo e o Atlântico*, Coimbra, Coimbra Ed.
- SANTOMIL MOSQUERA, David (2011): *A imaxe exterior de Galiza no século XXI*, tese de doutoramento defendida en setembro de 2011, Departamento de Xeografía, Universidade de Santiago de Compostela.
- SOUTO GONZÁLEZ, Xosé Manuel (1988): *Xeografía humana*, Biblioteca Básica da Cultura Galega, Vigo, Galaxia.
- TURGALICIA (1995-2010): *Enquisa en orixe da demanda turística de Galicia: series anuais*, Santiago de Compostela, Turgalicia / Universidade.
- VILLARES PAZ, Ramón (2015): «As relacións Galiza-Portugal em perspectiva histórica», discurso pronunciado polo seu nomeamento como doutor *honoris causa*, Braga, Universidade do Minho.